


Plataforma  
reivindicativa para as  
persoas xornaleiras

# 8M



CONFEDERACIÓN NACIONAL DO TRABALLO

**GAL**

1. Igualdade de xénero á hora das contratación e non discriminación nas campañas agrícolas, con igualdade salarial e de condicións de traballo
2. A non discriminación e dignificación das mulleres migrantes no traballo así como a denuncia dos abusos e explotación que sufran tanto no seu labor como nas vivendas que habiten.
3. Cotización de todos os días e horas traballadas. Cumprimentos da xornada laboral segundo convenio, cos descansos necesarios durante a xornada e a semana, así como os domingos.
4. Inspeccións de Traballo periódicas no traballo para denunciar abusos, explotación e incumprimentos de convenios, con especial atención ás condicións das mulleres migrantes e as súas situacións de alta, condicións de traballo e vivenda.
5. Cumprimento e mellora dos Convenios provinciais do campo. Especial mención ao cumprimento da subida actual do SMI e que se adecúen os convenios á mesma.

6. Vivendas dignas e en condicións óptimas de habitabilidade para as mulleres migrantes e outras xornaleiras que se despracen dende largas distancias.
7. Cercanía das vivendas ás zonas urbanas, senón están nas mesmas, e fácil acceso a servizos, superficies e tendas de alimentación. Tendo que facilitar o transporte pola parte da empresa en caso de estar lonxe destas zonas e servizos
8. Condicións sanitarias e de hixiene dignas tanto nos traballos como nas vivendas que se habiten, tomándose todas as medidas preventivas, reparto de EPIS e de distancia social que sexan necesarias pola parte da empresa.
9. Informar pola parte da empresa ás traballadoras e traballadores, cos servizos de prevención de riscos laborais oportunos, de todas as medidas de prevención de riscos que sexan necesarias e ter en conta o traballo, impartíndose dita información durante a xornada laboral.

Plataforma  
reivindicativa para as  
persoas xornaleiras

# 8M



Se tes dúbidas, achégate ao  
Sindicato da CNT máis próximo,  
compañeira. Podelo mirar na  
web [cnt.es](http://cnt.es) e o resto das redes  
sociais.

**CNT**

CONFEDERACIÓN NACIONAL DO TRABALLO